

EXPEDIENTE: 2025/E001/000003 (relacionado co expediente 2025/A008/000023)

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS E 1 ENXEÑEIRO/S DE MONTES AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2025)

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DECLARAR DESERTO O PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS AO ABEIRO DE APROL RURAL 2025

Logo de ver a Resolución da dirección territorial do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 15/05/2025, notificada ao Concello de Dodro o 19/05/2025, e ao abeiro do disposto na Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de procedemento TR351G) (DOG núm. 50, do 13 de marzo de 2025), na que concédeselle ao Concello de Dodro unha subvención por importe de 54.885,99 € para a contratación de dous traballadores/as desempregados/as para a realización da obra ou servizo denominado: “PROGRAMA DE OPTIMIZACIÓN FORESTAL 2025”

Logo de ver que por Resolución da Alcaldía núm. 237/2025 de 2 de xuño de 2025, aprobáronse as bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación laboral temporal de 2 peóns/peoas forestais e 1 enxeñeiro/a de montes durante 9 meses e a xornada completa para a execución do “Programa de optimización forestal 2025” e que solicitáronse as ofertas de emprego á Oficina Pública de Emprego, co número de oferta 12-2025-5433 para os postos de peóns/peoas forestais.

Realizado o proceso de selección para os postos de peóns/peoas forestais o 04/07/2025, consta acta do tribunal que acorda:

“Primeiro.- De conformidade co disposto nas bases aprobadas para exercer o presente procedemento de selección, **PROPOÑER AO ÓRGANO COMPETENTE**, declarar deserto o procesos de selección para a contratación laboral temporal de 2 peóns/peoas forestais (Aprol Rural 2025), ao non superar os candidatos/as presentados/as a puntuación mínima necesaria.

Segundo.- Que se publique no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica o resultado obtido por cada un dos/as aspirantes. Os/as aspirantes disporán dun prazo de 1 día hábil, contado dende o seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións que estimen oportunas no Rexistro Xeral do Concello de Dodro”

Finalizado o prazo de presentación de alegacións sen terse presentado ningunha, examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección do persoal e de conformidade co artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Declarar deserto o proceso de selección para a contratación laboral temporal de 2 peóns/peoas forestais (Aprol Rural 2025), ao non superar os candidatos/as presentados/as a puntuación mínima necesaria.

SEGUNDO.- Que se publique a Resolución no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Dodro.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

*Dodro, documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe*